

A TOUPIÑA QUE QUERÍA SABER QUEN LLE FIXERA AQUILO NA CABEZA

Texto de WERNER HOLZWARTH

Ilustracións de WOLF ERLBRUCH

Tradución de FRANCK MEYER

Encadernado en cartoné. 27 x 21 cm. 32 páx. 16 €

PREMIO ALEMÁN DE LITERATURA INFANTIL

PREMIO ANDERSEN 2006 - PREMIO ASTRID LINDGREN 2017 (Ilustrador)
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

[A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza](#)

(galego). ISBN 978-84-8464-619-8. Tras os montes.

[La talpeta que volia saber qui li havia fet allò al cap](#)

(català) . ISBN 978-84-95123-78-7. Clàssics contemporanis.

[Buruko hura nork egin zion jakin nahiz zuen satorrakoa](#)

(euskarra). ISBN 978-84-95123-79-4. Gaur egungo klasikoak.

[A toupeira que quería saber quem lhe fizera aquilo na cabeza](#)


(portugués). ISBN 978-972-8781-00-2. Clássicos contemporâneos.

Cando un día a toupiña asomou a cabeza por entre
un montón de terra para ver se xa saíra o sol, pasou aquilo.
(Era redondo e marrón, parecía un chisco a un chourizo,
e o peor de todo, caéralle xusto na cabeza)...

A toupiña saía do seu tobo e algo lle caeu na cabeza,
a modo de puchero cheirento. Daquela, percorrerá todo o campo
investigando -moi indignada- cal dos animais que alí viven
lle fixera semellante agravio: a pomba, o cabalo, a lebre...

Este clásico contemporáneo que leva más de 30 anos
acompañando as nenas e os nenos, ten recibido recoñecementos
tan importantes como o Premio Alemán de Literatura Infantil,
traduciuse a máis dunha vintena de linguas e publicouse
en numerosos países.

Un conto simpático e escatológico que provoca gargalladas
e fai que os lectores empaticen coa toupiña, ferida no seu orgullo.
Nenos e maiores terán, con esta historia, a visión dun tema
tan natural coma a vida mesma e que, sen embargo,
non sempre aparece nos libros.



■ **Temática:** unha toupiña vai na procura do animal que lle fixera aquilo sobre a cabeza.

■ **Idade recomendada:** primeiros lectores.

■ **Aspectos destacables:** humor, xogos tipográficos, ilustracións figurativas; descripción dos animais da granxa, do que comen, do que fan, onde e como viven.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/ata-toupinha-g>

Werner Holzwarth

(Winnenden, 1947)

Estudou en Berlín e iniciou a súa traxectoria no eido industrial. En 1973 comezou a traballar en axencias de publicidade: primeiro como escritor, despois como director creativo. Entre 1980 e 1982 foi xornalista freelance. En 1990 creou a súa propia axencia publicitaria. Dende 1995 era profesor de Comunicación Visual na Universidade de Weimar, tarefa que abandonou en 2012 para dedicarse exclusivamente á literatura infantil.

<http://www.wernerholzwarth.blogspot.com>

Wolf Erlbruch

(Wuppertal, 1948)

Estudou Deseño Gráfico en Essen e traballou como debuxante publicitario en prestixiosas revistas como Stern e Esquire. Nos anos 80 comezou a escribir e a ilustrar libros infantís. Entre 1990 e 1997 foi profesor de Debuxo Gráfico e Ilustración na Escola Universitaria de Belas Artes de Düsseldorf. Ata a actualidade viña sendo catedrático de Artes Ilustrativas e Visuais na Universidade de Wuppertal. Entre os numerosos galardóns que recibiu destaca o Premio Alemán de Literatura Xuvenil (1993 e 2003), o Premio da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña (2001 e 2004), o Premio Extraordinario do Premio Alemán de Literatura Xuvenil e o Premio Gutenberg de Leipzig (2003), o Premio Hans Christian Andersen (2006) e o Premio Memorial Astrid Lindgren (2017) polo conxunto da súa obra.